



Concello de Vilaboa

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILABOA E A ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL "ESCOLA DE MÚSICA DE VILABOA", PARA O FOMENTO E SOSTEMENTO DAS ACTIVIDADES EDUCATIVAS E CULTURAIS QUE DESENVOLVE A ASOCIACIÓN.

REUNIDOS:

Dunha parte, DANIEL FIGUEIRA BELLO, como Presidente da Asociación Cultural e Musical “Escola de Música de Vilaboa” (C.I.F.: G94124864), en adiante a Asociación; entidade que xestiona a Escola de Música de Vilaboa, centro autorizado pola Xunta de Galicia incluído no rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia (CÓDIGO DO CENTRO: 36024999).

E doutra parte, CÉSAR POZA GONZÁLEZ, Alcalde do Concello de Vilaboa, en nome e representación do mesmo.

Asiste, Pablo Baena Calderón, secretario da Corporación, aos únicos efectos de dar fe do acto.

Ámbalas partes interveñen nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para a formalización do presente Convenio, e a tal efecto,

1.- O Concello de Vilaboa, ó amparo do establecido no art. 25.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pode promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da Comunidade Veciñal, máis nos termos previstos no propio artigo, cuxo apartado 2 determina que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a materia que recolle a súa letra *m)* ou da promoción da cultura e equipamentos culturais ; letra *l)* promoción da ocupación do tempo de lecer. Ademais o art. 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, sinala que as entidades locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares, cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

O Concello de Vilaboa pretende, mediante o presente Convenio de Colaboración coa Asociación un dobre obxectivo: por unha parte, favorecer a continuidade das actividades da Banda de Música de Vilaboa e da Escola de Música; fundada, como forma de manifestación educativa e artística claramente vencellada e arraigada ao longo do tempo á realidade da cultura de Vilaboa, sendo de xeito singular a única escola de música de Vilaboa que forma aos educandos do pobo para o acceso ó conservatorio ou para o desfrute da música de xeito afeccionado, contando coa





Concello de Vilaboa

única banda de música do concello. Por outra banda, propiciar o achegamento da cultura musical ao groso da poboación. A acción da Administración Municipal limitase a promover a actividade de formación e expresión musical que realiza a Asociación, a través da achega dunha contribución económica.

2.- A Asociación está inscrita na Xunta de Galicia, no Rexistro de Asociacións co n.º 19.762, así como no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Xunta de Galicia, e segundo se deriva do 1º punto dos seus Estatutos, ten entre os seus fins promover entre os asociados o interese pola cultura e, de xeito especial, a afección pola música, fomentar a aprendizaxe e a práctica musical, así como de calquera outra forma de expresión cultural, a representación, defensa e promoción dos intereses sociais e culturais dos asociados/as, fomentar a solidariedade entre os colectivos socios/as, promovendo e creando servizos comúns de natureza asistencial, traballar a prol da normalización cultural e lingüística de Galicia, e programar cantas accións sexan necesarias para lograr os obxectivos anteditos.

3.- A Asociación ven colaborando desde a súa creación co Concello de Vilaboa, coa realización de diversos concertos en festas e concertos de carácter socio-cultural. A organización destas actividades, obxecto do presente Convenio, corresponden en exclusiva á Asociación, o que imposibilita a concorrencia con outras entidades.

4.- Unha vez incluído no presente Orzamento o outorgamento da achega directa á referida asociación cultural, a xustificación posterior recollerá, para o abono do importe económico, todas as prescricións sinaladas, encamiñadas ao debido control e aplicación dos fondos públicos.

En base ao exposto, e considerando o sinalado no art. 72 da Lei 7/85 citada, que determina que as Corporacións Locais favorecerán o desenvolvemento das Asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitándolles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, e considerando tamén o sinalado no art. 111 do RDL 781/86 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, pola que as Entidades Locais poderán concertar os pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico e ós principios da boa administración, as partes acordan celebrar o presente Convenio de acordo coas seguintes ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Vilaboa





Concello de Vilaboa

e a Asociación para o fomento e sostemento de actividades musicais e culturais da asociación, promovendo actuacións diante da cidadanía en xeral e divulgando a súa labor músico-formativa, a través da Banda de Música e da Escola de Música. O cal, ademais de ser consoante coa aspiración inherente a todo artista de poder dar a coñecer a súa obra, supón un estímulo para a mocidade integrante das distintas seccións da Asociación.

É obxecto do presente Convenio establecer as condicións reguladoras da subvención directa que se outorga polo Concello de Vilaboa á Asociación, para facilitar o desenvolvemento formativo dun colectivo de persoas na arte musical, a aprendizaxe da práctica instrumental ou/e vocal para o acceso aos estudos profesionais de música ou de xeito non profesional, proporcionando estas habilidades á cidadanía en xeral, mediante realización de distintas actuacións e concertos públicos.

Esta colaboración ten a finalidade de facilitar a formación a un colectivo de cidadáns en aspectos fundamentais da arte musical, a linguaxe musical, a composición e a realización práctica instrumental ou vocal non quedándose só na aprendizaxe para satisfacción persoal e mesmo para un futuro curricular, senón proporcionando habilidades diante da cidadanía con actuacións musicais en eventos públicos. Deste xeito as partes asumen unhas funcións que non corresponden só a cada unha delas; antes ben, coordínanse e conflúen no interese conxunto de facilitar non só a aprendizaxe pola acción de fomento, senón acadar a integral formación musical, en especial, a través de que o músico poida desenvolver as súas capacidades ante a cidadanía.

O carácter singular e a dificultade da convocatoria pública ven xustificada por ser, a Asociación, a única escola de música de Vilaboa que forma aos educandos do pobo para o acceso ó conservatorio ou para o desfrute da música de xeito afeccionado, e que conta coa única banda de música do Concello.

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E PERÍODO DE REALIZACIÓN

As actuacións da Asociación segundo o Convenio, consistirán única e exclusivamente en concertos, de modo que a colaboración do Concello ten a finalidade de facilitar a formación deste colectivo de persoas na práctica musical, mediante representación do seu aprendizaxe nestas actuacións públicas ante a cidadanía. Así a acción do Concello non só consiste na promoción da actividade dunha entidade particular sen ánimo de lucro considerada de utilidade xeral a través da achega dunha contribución económica, senón tamén de facilitarlle as actuacións en eventos puntuais para poder expresar e divulgar ante cidadanía a expresión musical, inherente a unha vocación artística.





Concello de Vilaboa

Esta colaboración pretende facilitar non só a aprendizaxe destas persoas, senón acadar a integral formación musical mediante o desenvolvemento das súas capacidades en público ante a cidadanía de Vilaboa. Deste xeito, a Asociación realizará, entre outras actividades diversas actuacións, cun calendario que será establecido de común acordo por ambas partes para o presente exercicio 2023.

A subvención outórgase de conformidade coas disposicións da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Real Decreto 887/2006, Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

SEGUNDA. IMPORTE DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vilaboa, comprométese a aportar como achega económica seguinte:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2023	334.48000	18.000,00€

A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade. Neste caso, na xustificación da subvención deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos á actividade subvencionada.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

TERCEIRA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

A Asociación comprométese a destinar a subvención ao desenvolvemento da actividade descrita e está obrigada a destacar en lugar preeminente a colaboración económica do Concello de Vilaboa, tanto nos libros, folletos, carteis, informacións, material e documentación en xeral, así como nos anuncios de difusión das actividades.

A Asociación poderá ofrecer ata cinco actuacións, unha por parroquia, no Concello de Vilaboa mentres este en vigor o presente Convenio. Poderán contabilizarse as semanas de audicións do alumnado (Nadal e de Fin de Curso), así como un gran concerto con artistas convidados (cantantes, grupos tradicionais galegos de prestixio, etc.)





Concello de Vilaboa

A Asociación ten a condición de organizadora e promotora exclusiva da actividade subvencionada, limitándose a colaboración do Concello a achega da subvención comprometida. Esta administración está eximida de calquera responsabilidade civil que poida derivarse da realización dos concertos.

A entidade beneficiaria poderá contratar os gastos que sexan necesarios para a realización por si mesma da actividade subvencionada, pero non poderá contratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade para a que se outorga a subvención.

Segundo o disposto no art. 8 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, as persoas organizadoras de espectáculos públicos e actividades recreativas, deben contratar a póliza de responsabilidade civil, independentemente da que tamén teñan contratada as persoas titulares dos establecementos ou espazos abertos ao público onde se leven a cabo os espectáculos ou actividades recreativas.

Ao abeiro do disposto no art. 31 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable contratado pola beneficiaria supere a contía de 15.000,00 €, deberán de solicitarse como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores. A elección das ofertas presentadas, que deberán de achegarse no seu caso na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, no de elixir a oferta menos vantaxosa dende o punto de vista económico, deberá de xustificarse expresamente nunha memoria.

O art. 2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), aprobado mediante Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RXLS) establece que : "2.Se a normativa reguladora da subvención fixase a achega pública como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, entenderase que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que superase o custo total da actividade".

De conformidade co art. 6.3 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Vilaboa, as publicacións editadas por outras entidades, nas que colabore o Concello e que teñan difusión na Galicia, realizaranse en lingua galega. Para darlle cumprimento a isto, de habelos, nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc., farase referencia a este requisito, así como o art. 7.3 de dita ordenanza, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.) doutras entidades nas que dalgún xeito colabore o





Concello de Vilaboa

Concello faranse, en todos os soportes, en galego.

Faise constar expresamente que o persoal da Asociación, e de calquera das súas seccións, non ten ningún tipo de relación laboral co Concello de Vilaboa. Asumindo a mencionada Asociación a condición de entidade organizadora das actuacións da súa Banda de Música ou de calquera outra actividade das súas seccións de xeito que resulte aquela a entidade responsable do cumprimento das obrigas laborais e fiscais do persoal da Banda e da Escola de Música; sen que a Administración Municipal teña vinculación profesional, laboral, contractual ou administrativa algunha nin responsabilidade ao respecto nin de abono de cantidade algunha para cubrir calquera risco, dano ou eventualidade.

CUARTA. POSIBILIDADE DE ANTICIPO

Cabe neste Convenio posibilidade de anticipo, sendo este non superior o 50% da axuda.

QUINTA. COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS

Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en canto á interpretación dos termos do presente Convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento integrada polo alcalde/sa ou concelleiro/a no que delegue e persoa que ostente a presidencia da asociación.

No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos a entidade beneficiaria facilitará canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia. Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuizamento dos anteriores órganos.

SEXTA. GASTO SUBVENCIONABLE

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

O IVE soportado, que deberá constar separado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Os custes indirectos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira inusitada e se realicen no período en que se desenvolva a actividade.





Concello de Vilaboa

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIONS

A realización da actividade e a xustificación da subvención terán que realizarse no ano 2023.

O procedemento rematará coa aprobación da conta xustificativa da subvención.

A entidade beneficiaria está obrigada a presentar a conta xustificativa da subvención, na sede electrónica do concello de Vilaboa (www.vilaboa.sedelectronica.es).

En todo caso, o prazo máximo para presentar esa xustificación será o de 15.12.2023. No caso de incumprimento do calendario das actividades acordadas e a súa xustificación ou a extinción do Convenio por causa distinta a expiración polo período de vixencia, tal e como establecen os arts. 50 e seguintes da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público e os arts. 199.f) e g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, minorarase proporcionalmente a cantidade a percibir pola Asociación.

O tipo de xustificación será conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto adaptada ao disposto no presente Convenio.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Memoria detallada das actividades subvencionadas que deberá estar asinada.
- Xustificación documental do gasto que acredite o financiamento da actividade polo Concello de Vilaboa (folletos, dípticos, carteis..)
- Certificacións acreditativas de estar ao corrente coas Facendas estatal, autonómica Seguridade Social.
- Relación desagregada de todos os gastos (con indicación das facturas, nóminas do profesorado, ou dos documento xustificativos dos gastos).
- Relación total de ingresos da actividade subvencionada.
- Declaración doutras subvencións recibidas para o mesmo fin e contía das mesmas, que en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.





Concello de Vilaboa

- Documentación xustificativa da subscrición do seguro de responsabilidade civil tal e como establece o art. 8 da Lei 10/2017.
- Declaración xurada do beneficiario que acredite que facturas que se presentan como xustificantes, foron aplicadas á actividade subvencionada.

As facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

Así mesmo, segundo a Lei 11/2021 de 29 de outubro, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 500,00 e, polo que, o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante de transferencia bancaria.

O Concello xestionará o pagamento á beneficiaria polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

OITAVA. VIXENCIA

O presente Convenio de colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e terá unha vixencia limitada ao prazo establecido no punto 2. As actividades e xustificacións de gastos terán que referirse ao ano como período completo. O procedemento rematará coa resolución que aprobe a xustificación da subvención do Concello.

Serán causas de extinción deste Convenio a realización do seu obxecto, a inviabilidade da realización da actuación pretendida por causas non imputables ás partes, así como o incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas, mediando neste caso denuncia previa das partes asinantes.

E estando ámbalas partes de acordo co contido deste documento, proceden a asinalo no lugar e data sinalados.

